

OCTAVE MIRBEAU

No ceo

Traducido por Xavier Senín



Hugin e Munin

I

Había ben tempo que lle prometera ao meu amigo X... que iría visitalo na súa soidade. Porén... A vida dos negocios, praceres máis tentadores e tamén un algo de covarde preguiza, xunto con certos displicentes e imprecisos receos, todo iso me impedía ano tras ano cumprir coa miña promesa, feita por outra banda sen convicción, e unicamente para non desgustar cunha rotunda negativa, un amigo de vello tan querido. O pobre X... Ah, lembro ben aqueles tempos..., o noso pasado..., sen tenrura e con emoción! Feito curioso e antiliterario, non si? O pobre X...! Que natural valoroso e honesto...! Que fidelidade...! Que alma delicadamente afervoadada...! En París, gozaramos xuntos das nosas primeiras ledicias e esperanzas, e confundíramos, para lograr unha riqueza común, as nosas dúas atafegantes miserias. A nosa amizade era conmovedora! Que lonxe de min queda xa todo aquilo! X... puido ter renome na literatura. Era un ser superdotado. Pero tiña demasiada sensibilidade. A vida matábao... Na loita na que todo o mundo se ve mergullado, non queda tempo para axudar un amigo benquerido. E ademais, para que? X... non sabía saír dun apuro. Abofé que me desalentaba a súa inxenuidade... Mentres nós ascendíamos pouco e pouco, el gurraba en ficar embaixo. Un día herdou dun vello parente unha pequena propiedade nun departamento afastado.

—Coido —díxome— que debería ir... Teño para min que a soidade, o recollemento... Si, ou acaso non é certo?

E ti que opinas ao respecto...? Os vastos horizontes... o ceo aberto!

—Claro! Claro! —respondinlle—. Eu de ti, marcharía...

—Pois logo vou marchar...

—Ben, ben...! Boa noite.

E marchou... Van alá quince anos disto!

Un esquece axiña os amigos distantes ou coitados... Malia as súas cartas suplicantes e as miñas promesas, eu sempre adiaba o momento daquela viaxe. Amais, para ser sincero, temía a hostilidade dos seus apousentos, a tristura das súas comidas, o fedor da súa criada, e sobre todo —oh, sobre todo!—, as interminables conversas cun ser tan marcadamente desavezado ao meu xeito de vivir e que me figuraba co corpo e a roupa lixosos, enfarnado da mentalidade campesiña, cunha longa barba, sórdidos cabelos e ideas e costumes morais máis sórdidos aínda...

Agradaríame ser xeneroso, mais coa condición de que non me custase nada e de que a miña largueza aumentase outro tanto o meu pracer egoísta e vaidoso gozo. Agora ben, que pracer, preguntovos? E como rumbar despois perante as miñas guapas amigas dunha tempada de descanso na casa daquel malpocado?

A última carta foi tan apremante, manifestaba mediante tenruras enfermizas un desexo tan vivo, tan doloroso de que o visitase, que me decidín a emprender a desagradable viaxe, baixo este razoamento consolador: «Despois de todo, non hei morrer. Dous días logo pasan». E con todo e iso, non estaba nada tranquilo a respecto das complicacións que podían resultar da miña visita. Ah! Que esixente é a amizade!

X... vive nunha antiga abadía, pendurada na curota dun cume. Como pode ser que neste país de tranquilas chairas,

